

BASES DA CAMPAÑA SORTEO-CONCURSO
“MERCA NO TEU COMERCIO - PONTEVEDRA”

1. **“MERCA NO TEU COMERCIO - PONTEVEDRA”** é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola Federación Galega de Comercio e a Federación de Comercio de Pontevedra, coa colaboración da **Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia**, que se reflicte na liña de desenvolvemento de campañas de dinamización comercial no ámbito provincial, concretamente campaña de dinamización do comercio de proximidade e estímulo da demanda comercial e do consumo que facilita o desenvolvemento e a mellora da actividade comercial no comercio de proximidade de Pontevedra e a súa provincia.

Esta campaña promocional e de dinamización comercial iniciarase en data **20 de setembro e rematará o 9 de outubro de 2024**; ambos engadidos. O ámbito da campaña é provincial, podendo participar consumidores/clientes do comercio de proximidade retalista da provincia de **Pontevedra**, segundo a mecánica de funcionamento que se detalla nas presentes bases.

2. **O OBXECTIVO PRINCIPAL DA CAMPAÑA** é o de visibilizar e crear relacións de afinidade co comercio de proximidade xerando movementos sociais, posicionando a súa imaxe, as súas vantaxes e características xeradoras de confianza, ao mesmo tempo que se persegue incentivar e incrementar as vendas, reactivando o consumo e premiando aos consumidores.
3. **A DINÁMICA E FUNCIONAMENTO DA CAMPAÑA/SORTEO É O SEGUINTE:** Trátase dunha campaña “aberta”, na que poden participar tódolos **consumidores maiores de idade** que se rexistren a tal efecto seguindo as indicacións detalladas neste apartado, e que realicen unha compra por calquera importe en comercios retailistas de proximidade de Pontevedra e provincia durante as datas de duración da campaña. Isto é, do **20 de setembro ao 9 de outubro de**

2024, ambos engadidos. Non poderán participar nesta campaña/sorteo os traballadores da Federación Galega e Provincial de Comercio de Pontevedra, nin familiares ata segundo grao dos mesmos; así como os titulares e empregados dos establecementos comerciais con tickets de compra dos seus propios negocios.

Os consumidores que merquen no comercio de proximidade retallista de Pontevedra e provincia nas datas sinaladas (entre o 20 de setembro e o 9 de outubro de 2024, ambos engadidos) e que desexen participar na campaña, deberán en todo caso conservar o ticket da compra realizada no comercio de proximidade/tradicional ou unha fotografía do mesmo, a fin de dispoñer dun xustificante.

AS MODALIDADES DE INSCRIPCIÓN E REXISTRO DA COMPRA REALIZADA AOS EFECTOS DE PARTICIPAR NO SORTEO, SON AS SEGUINTE:

- O consumidor/cliente poderá rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo a través da plataforma/dirección web habilitada ao efecto e denominada www.mercanoteucomerciopontevedra.com, efectuando o correspondente rexistro da operación de compra realizada no comercio de proximidade/tradicional retallista de Pontevedra e provincia, que lle dará dereito a 1 participación no sorteo. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación da compra realizada e o cliente/consumidor. Soamente se poderá facer un rexistro por compra e cada operación de compra rexistrada equivale a 1 participación no sorteo. Así, cantas máis compras se fagan no comercio de proximidade, máis participacións poderanse obter e máis posibilidades de gañar un dos premios sorteados.
- Outra modalidade de rexistro para participar nesta campaña/sorteo é contando coa colaboración activa do comerciante retallista se éste o desexa (modalidade de participación a realizar exclusivamente no establecemento comercial), e a través do espazo da plataforma habilitado a tal efecto denominado www.mercanoteucomerciopontevedra.com/comercios, debendo quedar asimesmo perfectamente rexistrada a operación de compra no comercio de proximidade/tradicional, así como plenamente identificado o consumidor/cliente. *Esta modalidade dá ao consumidor/cliente a*

posibilidade de obter 2 participacións no sorteo por cada operación de compra rexistrada.

Sinalar que os consumidores/clientes unicamente poden participar no sorteo cos **tickets de compras efectuadas** en establecementos comerciais de proximidade participantes nesta campaña rexistrados na plataforma web www.mercanoteucomerciopontevedra.com e cuxo IAE principal é algún dos contemplados a continuación: 641/ 642/ 643/ 644/ 645/ 646/ 647/ 651.1/ 651.2/ 651.3/ 651.4/ 651.5/ 651.6/ 651.7/ 652.2/ 652.3/ 652.4/ 653.1/ 653.2/ 653.3/ 653.6/ 653.9/ 656/ 657/ 659.1/ 659.2/ 659.3/ 659.4/ 659.5/ 659.6/659.7/ 659.8/ 659.9/ 972.1/ 972.2.

Non será de aplicación o troco dos bonos [premios] para as compras en liña e/ou por internet.

Os comercios locais que participen no programa recibirán entre o 18 e o 29 de novembro de 2024, na conta bancaria sinalada para o efecto, a cantidade equivalente aos bonos [premios] trocados no seu establecemento comercial.

4. REALIZACIÓN DO SORTEO:

O SORTEO terá lugar **ante notario** en data de **11 de outubro de 2024, ás 12.00 horas,** na sede da FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO. A realización do sorteo terá lugar de xeito telemático mediante un código programado que elexirá aleatoriamente aos agraciados de entre tódolos participantes, ata rematar a totalidade de premios bonos/códigos-QR prepago dispoñibles para sortear baixo este sistema na campaña, que serán un total de 50 bonos/códigos-QR prepago de 200 euros.

A realización telemática do sorteo polo sistema referido non será aberta ao público, sendo o resultado do mesmo comunicado aos agraciados polos medios que

determine a organización e que permitan deixar constancia da notificación realizada fehacientemente.

- 5. OS PREMIOS A SORTEAR ANTE NOTARIO NESTA CAMPAÑA consistirán en 50 bonos/códigosQR prepago de 200 euros** debidamente personalizadas coa imaxe da campaña, e **que os consumidores que resulten agraciados deberán utilizar para realizar novas compras única e exclusivamente no comercio de proximidade de Pontevedra e provincia participante na campaña e rexistrado na web www.mercanoteucomerciopontevedra.com, e asimesmo cuxo IAE principal sexa algún dos contemplados no apartado 3 destas bases.** Deste xeito, cúmprese o fin último da campaña de incentivar o consumo e incrementar as compras no comercio retalista. **Establécese un máximo de 3 operacións de QR-compra, nos que se realizarán as compras co premio de 200 euros.**

O NÚMERO TOTAL DE BONOS/CÓDIGOSQR/TARXETA PREPAGO QUE SE SORTEARÁN EN PONTEVEDRA E NA SÚA PROVINCIA E OS IMPORTES RESPECTIVOS DAS MESMAS, SERÁN OS SEGUINTES:

- ***50 BONOS/CÓDIGOS-QR PREPAGO POR VALOR DE 200 EUROS CADA UN DELES . SORTEO TELEMÁTICO.***
- ***1 TARJETA PREPAGO POR VALOR DE 1.000 EUROS. SORTEO PRESENCIAL.***

O IMPORTE TOTAL DOS BONOS/CÓDIGOS-QR/ PREPAGO E TARXETA PREPAGO A SORTEAR EN PONTEVEDRA E A SÚA PROVINCIA É DE 11.000 EUROS.

O prazo de caducidade da totalidade dos bonos/códigos-QR e a tarxeta prepago será o 15 de novembro de 2024, engadido.

A entidade organizadora asumirá os impostos inherentes aos premios a sortear nesta campaña.

O consumidor/cliente rexistrado na campaña poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero **unha vez agraciado cun destes 50 bonos/códigos-QR prepago por valor de 200 euros xa non poderá optar a ningún outro máis nesta mesma edición, podendo obter polo tanto cada consumidor un único bono/código-QR prepago do importe de 200 euros.**

Asimesmo, **só poderá saír un premio por establecemento comercial participante.** Isto é, que no caso de que resultara premiado un dos clientes dun comercio cun ticket de compra feita no mesmo e de novo resultase agraciado nesta mesma edición un novo cliente do mesmo establecemento con outro ticket de compra realizada neste mesmo comercio; pasarase ao suplente correspondente, e así sucesivamente, de tal forma que se distribúan os premios máis equitativamente e se dean máis oportunidades para que todos os clientes de todos os establecementos participantes podan ter a opción de obter un agasallo.

RESERVAS:

No mesmo acto de realización do sorteo telemático, ademáis dos elexidos como agraciados e empregando o mesmo sistema, serán elexidos tamén aletatoriamente o seguinte número de **reservas**, para o caso de que algún dos premiados non cumpra as condicións ou requisitos desta campaña detallados nas presentes bases reguladoras:

- **20 RESERVAS PARA OS BONOS/CÓDIGOS-QR VALORADOS EN 200 EUROS. SORTEO TELEMÁTICO.**

A ENTREGA DOS BONOS/CÓDIGOS-QR PREPAGO AOS AGRACIADOS, e sorteados telemáticamente, será realizada na modalidade que acorde a organización unha vez realizado o sorteo, sendo todos os agraciados fehacientemente notificados a tal fin, vía SMS, para a aceptación do seu premio; aceptación que será formalizada polo gañador dentro dos cinco días seguintes á recepción da notificación. A citada notificación aos gañadores realizarase inmediatamente despois do sorteo ante notario dos bonos/QR de 200 euros.

En calquera caso, *comunicaráselles aos agraciados previamente e coa antelación suficiente no seu caso os lugares, datas e horas de realización do acto de entrega dos premios; ou a modalidade alternativa que se decida, cumpríndose en todo momento no acto de entrega con todas as normas sanitarias e de protección da saúde vixentes nese momento.*

No caso de que algún agraciado non se presente a recoller o premio correspondente, unha vez notificado fehacientemente e convocado a tal efecto, **entenderase que renuncia ao mesmo a tódolos efectos**, salvo que o agraciado xustifique a súa ausencia ante a organización por causa de forza maior allea á súa responsabilidade. A entidade organizadora realizará tódolos trámites pertinentes para a comunicación previa desta campaña ao servizo de XOGOS, encargándose asimesmo da liquidación das pertinentes taxas perante Facenda Autonómica (**12% do valor económico total do sorteado**).

Entre os 50 gañadores de bonos/códigos QR premiados con 200 euros, os seus acompañantes e asistentes que acudan presencialmente ao acto de entrega de todos os premios da campaña, sortearase un único premio de 1.000 euros mediante urna ou similar.

Todos os premios da campaña entregaranse aos gañadores no acto que se celebrará no Auditorio Edificio Xunta de Vigo, o día 19 de outubro, ás 17:00 horas. Será a Federación Galega e Provincial de Comercio de Pontevedra a que acredite e limite o número (por aforo do Auditorio do edificio da Xunta en Vigo) dos acompañantes/asistentes para que poidan participar no citado sorteo por importe de 1.000 euros, sendo as condicións imprescindibles ser maior de idade e ter realizado unha compra nun comercio de proximidade participante na campaña e durante as datas de duración da mesma. Quedan excluídos da participación neste sorteo os directivos das Federacións de Comercio organizadoras e as súas asociacións, así como os seus empregados. **O consumidor que resulte agraciado con este premio de 1.000 euros deberá gastalo en realizar novas compras única e exclusivamente no comercio de proximidade de Pontevedra e provincia participante na campaña e rexistrado na web www.mercanoteucomerciopontevedra.com, e nunha única sesión de mañá ou**

tarde establecida pola Federación Galega e Provincial de Comercio de Pontevedra e na semana inmediatamente seguinte ao sorteo dos 1.000 euros. Nesta xornada de compras, o gañador irá acompañado en todo momento de membros da Federación Galega ou Provincial de Comercio que lle facilitarán os medios e formas de pago para realizar as compras. Establécense un mínimo de 5 establecementos nos que se realizarán compras co premio e cun importe mínimo de 100 euros por cada compra.

6. Estas bases serán depositadas ante NOTARIO e asimesmo estarán a disposición de tódolos consumidores interesados en participar e que desexen consultalas na páxina web www.mercanoteucomerciopontevedra.com

A **mera participación nesta campaña supón a plena aceptación destas bases**, así como a aceptación de tódalas condicións e requisitos recollidos nas mesmas a tódolos efectos.

7. **PROTECCIÓN DE DATOS.** De conformidade co disposto no **Reglamento da UE 2016/679 de 27 de abril do 2016**, así como na **Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos personais e restante normativa estatal de aplicación no seu caso**, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, CIF G27170158, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982 255 120, e-mail fgc@comerciogalicia.es** Este ficheiro estará depositado e almacenarase pola empresa: **CDMON, con domicilio en Malgrat de Mar, 08380 de Barcelona, C/ Girona 81-83, Local 6**, entidade que cumprirá asimesmo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable.

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con todas as garantías, e coa única finalidade

de dar saída e cumprimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o período de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, confirma que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais, etc, todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asimesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados poderá exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a **FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982 255 120, e-mail fgc@comerciogalicia.es**, na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercitar.

O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

Serán obxecto de publicación os nomes comerciais dos comercios retallistas adheridos a campaña promocional na páxina web www.mercanoteucomerciopontevedra.com.

8. A Federación Galega de Comercio resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.